

MOBILIDADE DE PERSONAL ERASMUS+ (Proxecto propio)

Docentes participantes: CANDELA CONDE ESTHER RODRÍGUEZ	Institución de envío: CIFP IMAXE E SON Institución de acollida: ESMAD (Escola Superior de Media Artes e Design (Politécnico Porto))	Data: 10/06/24 a 14/06/24
--	--	----------------------------------

1. Lugares, actividades e contactos realizados. MEMORIA.

CALENDARIO DA MOBILIDADE:

LUNS 10	Martes 11	Mércores 12	Xoves 13	Venres 14
Serralves Galería Solar	Visita ESMAD Reunión de traballo	Nu Boyana (Braga)	Saber Porto	Centro Portugués da Fotografía

VISITAS A INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS:

Escola Superior de Media Artes e Design (ESMAD)

O 11 de xuño realizamos unha visita ás instalacións da ESMAD, no campus 2 do Politécnico do Porto, ubicado en Vila do Conde, onde nos recibiu o coordinador dos Programas Internacionais da ESMAD e profesor adxunto do Departamento das Artes da Imaxe, Luís Ribeiro. Nun detallado percorrido, amosounos as aulas e espazos técnicos do centro, que inclúen plató 360º, estudo de televisión, salas de edición de audio e vídeo, estudo de gravación, salas de impresión 3D, etc.



A ESMAD é unha institución de ensino superior inserida no Politécnico do Porto e trasladada en 2016 ao campus de Vila de Conde, onde se consolida como referente nacional na formación de profesionais nos eidos do Cinema, Deseño, Fotografía, Multimedia e Web.



A súa ampla oferta educativa inclúe cinco licenciaturas, tres mestrados, dous posgraos, un programa de doutoramento e catro CTeSP (Curso Técnico Superior Profesional), correspondentes ao nivel 5 e que se presentan como os máis equiparables á oferta educativa do CIFP

Imaxe e Son: Deseño de Xogos e Animación Dixital, Deseño de Mobiliario e Espazos, Deseño e Tecnoloxías para Aplicacións móbiles e Motion Design e Efectos Visuais.



Ademais da visita ás instalacións, asistimos a un *work in progress* preparatorio para as defensas de proxectos finais da licenciatura en Multimedia, que contou coa presenza dun equipo multidisciplinar de docentes das áreas de Son ou Animación, entre outras. A Esmad conserva unha aula de revelado fotográfico analóxico, que esperta un gran interese entre o alumnado e frecuentes solicitudes de obradoiros, con similitudes coa Aula K do CIFP Imaxe e Son.

Para finalizar a xornada de traballo, mantivemos unha longa reunión con Marta Ferreira Vidal, do Gabinete de Relacións Institucionais, nas que estivemos a avaliar as opcións de colaboración tanto entre os dous centros a nivel de proxectos de innovación educativa (con posibilidade de inserción dentro da cooperación transfronteiriza España-Portugal, Interreg 2021-2027) como para o intercambio de estudantes mediante o programa Erasmus.



Así, puxéronse as bases para asinar un *Interinstitutional Agreement* entre a ESMAD e o CIFP Imaxe e Son e acordouse iniciar unha análise en profundidade das titulacións de nivel 5 do Marco Europeo de Cualificacións que ofertan as dúas institucións, comparando plans de estudos para posibles intercambios de alumnado no programa Erasmus.

Contactos de interese:

ESMAD: <https://www.esmad.ipp.pt/> Tel: +351 252 291 700


Luís Filipe Ribeiro, coordinador dos Programas Internacionais: lfpr@esmad.ipp.pt

Marta Ferreira Vidal, gabinete Relações Internacionais: internacionais-campus2@sc.ipp.pt,
Tel: +35125229700, +351 937390792

VISITAS A EMPRESAS:

NU BOYANA PORTUGAL:

O 12 de xuño desprazámonos ata Braga para visitar Nu Boyana Portugal, un estudio de VFX (efectos visuais virtuais) coa marca NBFX. En 2020 lanzaron Lusco Fusco Animation para estender as súas habilidades en 3D para o eido da animación. A súa primeira curta de animación é 'A boneca de Kafka', e están a desenvolver a súa primeira serie de animación.



A visita foi moi proveitosa e permitiunos coñecer os modos de traballo dentro do estudo e os softwares empregados, entre os que se atopa un dos de uso prioritario no CIFP Imaxe e Son, Autodesk Maya.



SABER PORTO:

O 13 de xuño visitamos a sede de Saber Porto, en Vila Nova de Gaia, un estudo de desenvolvemento de videoxogos tripla A que forma parte dunha compañía internacional presente en 13 países (Saber Interactive). Fundado en 2019 coa adquisición de Bigmoon Entertainment, a empresa está especializada na creación de videoxogos para PC e consola en mundo aberto, nos xéneros de acción-aventura e carreiras (un dos seus últimos lanzamentos foi *Dakar: Desert Rally*).



Visitamos as instalacións da man de Bárbara Gonçalves, HR Manager, que nos amosou as salas de traballo, os platós virtuais e de *motion capture* (mocap), as salas de proxección e outros espazos multidisciplinares do recinto. Abordouse a probabilidade de estadias para o alumnado, co handicap

de que o software que usan é Unreal Engine, mentres que no CIFP Imaxe e Son emprégase Unity como motor de videoxogos.

Contactos de interese:

Nu Boyana Portugal: JOSÉ COSTA, Office coordinator: jose.costa@nuboyana.pt
<http://nuboyanafx.com/> m: +351 917 043 488 t: +351 253 261 249

Saber Porto: BÁRBARA GONÇALVES, HR Manager: bgomes@saber3d.pt
www.saber3d.com | Tel.+351 227668648

OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS DE INTERESE:

Seguindo as recomendacións previas enviadas desde a institución de acollida nos contactos previos á nosa mobilidade, coñecemos a Fundación Serralves (<https://www.serralves.pt/agenda-serralves/>), o Centro Portugués de Fotografía (https://cpf.pt/expos_eventos/) e a galería de arte cinemática [Solar](#), un espazo adicado á intersección entre o cinema e as outras artes que se atopa en Vila de Conde. Entre as súas actividades paralelas está a exposición Animar, que privilexia o cinema de animación.

2. Proposta de futuras actividades para alumnado e profesorado.

A mobilidade abriu a posibilidade a futuras actividades tanto para o alumnado como para o profesorado do CIFP Imaxe e Son. No ámbito docente, avanzouse na colaboración entre a ESMAD e a nosa escola, tanto con accións puntuais (posibles acordos para realización de curtametraxes, eventos,...) como a nivel xeral, mediante a sinatura dun acordo interinstitucional entre os departamentos de Internacional.

Asemade, abriuse un proceso de exame dos contidos e das unidades formativas dos módulos do ciclo de Animacións 3d, xogos e contornos interactivos, para ver posibles correspondencias entre materias. Terase en conta a asimilación horaria en créditos europeos (ECTS), para poder fixar un programa de intercambio que permita a alumnado luso cursar estudos no CIFP Imaxe e Son, e viceversa.

No caso das empresas, ambas indicaron que collen alumnado para prácticas, sempre que o perfil sexa o dun estudante proactivo e con bo nivel. Para o futuro, e malia que Saber Porto é unha empresa de maiores dimensións e con posibilidades de contratación tras a estadía, a capacitación do noso alumnado fai máis factible a colaboración con Nu Boyana. O feito de contar con licencia educativa de Maya (en Portugal, a maioría dos centros

formativos non dispoñen desta opción e empregan Blender, software libre) resulta unha vantaxe.

Polas dimensións e capacidade de recepción, planteouse a posibilidade dunha visita de alumnado do ciclo de Animación 3D, xogos e contornos interactivos ás instalacións de Saber Porto, que podería ser programada dentro das ACFs do vindeiro curso.

3. Listaxe de documentación recollida no lugar de destino:

Certificado de asistencia

Copia Mobility agreement

4. Memoria elaborada polas docentes participantes.

Asinan:

CANDELA CONDE CASTELO

ESTHER RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

En A Coruña, a 27 de xuño de 2024.



**Cofinanciado por
la Unión Europea**